



camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

Camiño Escena Norte contará, por terceiro ano consecutivo, con Vegalsa-Eroski como patrocinador oficial

A supraentidade Camino Escena Norte AIE e a compañía galega de distribución alimentaria ratificaron esta mañá na Coruña o acordo de colaboración

O proxecto de intercambio de artes escénicas entre Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra contará na súa quinta edición (17 de setembro-22 de outubro) con espectáculos de danza e artes do movemento, teatro e novo circo

As compañías galegas Caramuxo Teatro, Rebordelos e Xampatito Pato participarán no programa de exhibición 'Itinerario Constelacións', mentres que Os Náufragos Teatro, Marta Alonso Tejada e Paula Quintas foron seleccionadas para o intercambio profesional 'Cruzamentos'

A Coruña, 20 de xuño de 2023.- Camiño Escena Norte (CEN) e Vegalsa-Eroski fornecen súa alianza. Por terceiro ano consecutivo, o proxecto de intercambio de artes escénicas entre Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra contará co apoio da compañía galega de distribución alimentaria, que se consolida como **patrocinador oficial** da iniciativa.

Na sinatura do acordo, que tivo lugar esta maña no Club Nordés da Coruña, estiveron presentes, por parte de Camiño Escena Norte AIE, **Santiago Cortegoso**, o presidente de Escena Galega (a entidade que representa o proxecto en Galicia); mentres que pola banda da distribuidora alimentaria estivo **Gabriela González**, directora de Sostibilidade e Comunicación Corporativa de Vegalsa-Eroski. O acto tamén contou coa asistencia do **coordinador de CEN, Diego V. Meizoso**, e de representantes da **compañía coruñesa Caramuxo Teatro**, unha das tres compañías galegas que participarán no programa de exhibición do CEN 2023. No seu caso será coa montaxe de teatro para público infantil e familiar *Crisálida*.

“Desde Camiño Escena Norte celebramos que, por terceiro ano consecutivo, Vegalsa-Eroski se sume ao proxecto como o noso patrocinador oficial. A colaboración entre o sector cultural e creativo e o sector produtivo é indispensable para o presente e o futuro dos proxectos culturais. Especificamente para Camiño Escena Norte é moi

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

importante na consolidación e crecemento sostible do proxecto, que este ano chegará a case 60 localidades, entre elas 26 sedes de Galicia e do Principado de Asturias”, indicou Santiago Cortegoso.

“Para Vegalsa-Eroski a promoción da cultura constitúe un dos atributos patrimoniais que nos representan, vinculan ao noso territorio e conectan coa sociedade. O apoio, unha vez máis, a Camiño Escena Norte, supón apoiar un dos eixes culturais que vertebran as artes escénicas en Galicia e nas demais comunidades”, manifestou Gabriela González.

Camiño Escena Norte

CEN naceu en 2019 co obxectivo de **promover o intercambio cultural a través das artes escénicas, tomando como referencia e fío condutor os camiños a Santiago de Compostela**. Desde o seu inicio, CEN levou o teatro e a danza a escenarios alonxados, en moitos casos, dos circuítos habituais de representación, ofrecendo así a oportunidade de acceder á cultura a públicos de municipios e localidades que non poden gozar, con regularidade, deste tipo de espectáculos.

CEN é unha iniciativa promovida polas asociacións profesionais de produtoras de artes escénicas **Escena Galega (Galicia), EscenAsturias (Asturias), ACEPAE (Cantabria), Eskena (Euskadi) e ESNA (Navarra)**, que se incorpora este ano como entidade promotora no territorio. Todas elas únense na supraentidade Camino Escena Norte Agrupación de Interés Económico, creada especificamente para o desenvolvemento, xestión e produción deste proxecto.

A expansión do *Itinerario Constelacións* en 2023

Camiño Escena Norte, que conta co apoio da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic); continúa este ano co seu enfoque expansivo e o compromiso de promover o intercambio escénico, artístico e profesional. No 2023, CEN contará cunha programación especial que se celebrará **do 17 de setembro ao 22 de outubro**. No seu programa de exhibición, nomeado *Itinerario Constelacións*, participarán **15 compañías de teatro, danza e artes do movemento e novo circo** que mostrarán os seus espectáculos en preto de **60 localidades do arco cantábrico**, o que supón a consolidación do proxecto no territorio fiado, simbolicamente, pola ruta xacobeá que percorre o norte da Península Ibérica.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

Galicia exportará talento aos demais territorios grazas á representación da compañías galegas **Caramuxo Teatro**, co seu espectáculo *Crisálida*; **Rebordelos**, con *Amantis. Selfies, sexting e outras formas de amar(se)*; así como de **Xampatito Pato** con *Só*.

Ademais do *Itinerario Constelacións*, CEN conta con outra pedra angular: **Cruzamentos**, un programa deseñado para promover o intercambio artístico e profesional entre compañías. Este ano, a rede de estadias artísticas e profesionais desenvolverase a partir do 17 de agosto, previamente ao programa de exhibición. As propostas seleccionadas, no caso galego, foron as que realizaron as galegas **Marta Alonso Tejada** a La Sala (Euskadi), para abordar os proxectos *Shine + Dancin' Queen*; e **Paula Quintas Cía**, que achegará unha mirada externa sobre o espectáculo *Me arrepiento* da compañía vasca Node. Pola súa banda, a compañía **Os Náufragos Teatro** será convidada pola cántabra Escena Miriñaque para investigar arredor dunha instalación-espectáculo inmersivo para bebés, *Meeting Baby*.

Sobre Vegalsa-Eroski

Vegalsa-Eroski conta en Galicia, Asturias e Castela e León con 281 establecementos, entre propios e franquiciados, ao abeiro das marcas comerciais Hipermercados e gasolineras Eroski, Eroski/Center, Autoservicios Familia, Cash Record, Eroski/City, Aliprox e Rapid. A súa estrutura comercial en Galicia esténdese polas 4 provincias galegas e conta cunha moderna plataforma de mercancías xerais situada en Sigüeiro (A Coruña), dotada con tecnoloxías loxísticas de última xeración, ademais das plataformas de produtos frescos de A Coruña e centros de redistribución en Vigo e Ourense. Pola súa banda, a división de Autoservicios Cash Record de Vegalsa-Eroski conta cun mapa comercial composto por 18 centros distribuídos de xeito homoxéneo, entre Galicia e Asturias, con fáciles e rápidos accesos nas áreas empresariais e con boas comunicacións.

Para máis información

The Office Comunicación

Lucía Pita | Prensa CEN Galicia

675 404 321 lucia.pita@theofficeco.es

Kit de prensa CEN Galicia 2023

<https://www.dropbox.com/sh/1dmvyakxkd344ip/AAAvOHlgnmz-fkORZlpYXfxYa?dl=0>

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



www.escenanorte.com

